

## ANEXO II

## Táboa de salarios

Convenio ebanistería de Lugo (vixencia desde o 1-1-2003 ó 31-12-2003)

Categoría profesional	Salario día	Quinquenio consolidado	Salario anual
Encargado e similares	31,25	470,08	13.281,25
Oficial 1ª conduc. e asimil.	31,16	468,71	13.243
Oficial 2ª conduc. e asimil.	30,17	453,81	12.822,25
Peón, axudante e asimil.	29,52	444,10	12.546
Aprendiz 17 anos	18,70	281,53	7.947,50
Aprendiz 16 anos	16,69	251,45	7.093,25

Categoría profesional	Salario mes	Quinquenio consolidado	Salario anual
Xefe oficina e proxectista	942,64	467,23	13.196,96
Oficial 1ª admin.e xefe taller	933,85	462,89	13.073,90
Oficial 2ª admin. e xefe taller	907,77	449,95	12.708,78
Auxiliar administrativo	890,46	441,37	12.466,44
Aprendiz maior 18 anos	879,67	436,03	12.315,38

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 6 de outubro de 2003 pola que se corríxen erros na do 11 de xullo de 2003, sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, publicada no Diario Oficial de Galicia do 18 de agosto de 2003.*

Advertidos erros mecanográficos na Resolución rectoral do 11 de xullo de 2003, procede, de conformidade co artigo 105.2 da LRXAP-PAC realiza-la súa corrección no seguinte senso:

Décimo sexto.-

Onde di: «2.- As anulacións de matrícula por falta de pagamento do 2º prazo», debe dicir: «2.- As anulacións de matrícula por falta de pagamento».

Así mesmo, no mesmo artigo hai que engadir: «5.- O pedimento de informes preceptivos e os facultativos cando os requira unha disposición administrativa de carácter xeral ou se xulguen necesarios para a resolución do procedemento; os escritos ós que fai referencia o artigo 71 da LRXAP-PAC; calquera acto de trámite ou instrucción dos procedementos que sexan competencia da respectiva unidade, así como as resolucións de inadmisión a trámite ou declarativas de desistencias ou renuncias».

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2003.

Senén Barro Ameneiro

Rector da Universidade de Santiago de Compostela

*Resolución do 6 de outubro de 2003 pola que se corríxen erros na do 14 de xullo de 2003, pola que se delega a sinatura da potestade certificante do secretario xeral en determinados órganos, publicada no Diario Oficial de Galicia do 18 de agosto de 2003.*

Advertido erro na Resolución do 14 de xullo de 2003, pola que se delega a sinatura da potestade certificante do secretario xeral en determinados órganos, procede, de conformidade co artigo 105.2º da LRXAP-PAC, corríxila no seguinte sentido:

Punto cuarto:

Onde di: «a sinatura de anulación», debe dicir: «a certificación de anulación ...».

Décimo segundo:

Suprímese o parágrafo 2 do referido artigo, eliminándose onde di: «O asinamento de actos de instrucción necesarios para a tramitación dos procedementos de ingreso e acceso de estudantes, incluídas as resolucións de inadmisión a trámite».

No parágrafo 3 deste artigo suprímese: «segundo o modelo que se aprobe».

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2003.

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz  
Secretario xeral

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 15 de outubro de 2003, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais do baremo aberto polo Anuncio do 19 de setembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 26 de setembro) para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidade danza.*

Rematado o prazo para presenta-la instancia solitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería as puntuacións provisionais do baremo para prazas de interinidades e substitucións en especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas na especialidade de danza.